

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 17, 20-26

Naquel tempo, levantando os ollos ó ceo, Xesús orou dicindo:

– «Pai santo, non che rogo só por estes, senón tamén polos que han de crer en min pola palabra deles; que todos sexan un, coma ti, Pai, en min, e eu en ti; que tamén eles sexan un en nós, para que o mundo crea que ti me mandaches.

E a gloria que ti me deches, déillela a eles, para que sexan un coma nós somos un. Eu neles e ti en min, para que cheguen á perfecta unidade, de xeito que o mundo recoñeza que ti me mandaches e que os amaches a eles, como me amaches a min.

Pai, os que me deches, quero que, onde estou eu, estean tamén eles comigo, para que contemplan a miña gloria, a que ti me concediches, porque me amabas xa antes da fundación do mundo.

Pai xusto, o mundo non te coñeceu, pero eu coñecinte, e estes coñeceron que ti me mandaches. Eu manifesteilles o teu nome e llelo seguirei manifestando, para que o amor co que me amaches estea neles, e tamén eu estea neles.»